

2.4. economía social

■ Este apartado está dedicado ó estudio da economía social, no que se engloban tódalas iniciativas empresariais por parte de traballadores que se constitúen para dar satisfacción a necesidades e intereses comúns. O capítulo está dividido en tres grandes apartados nos que se estudian as Sociedades Cooperativas, as Sociedades Laborais, e finalmente, faise referencia ás actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego.

Os datos utilizados na análise das cooperativas e das sociedades laborais rexistradas, parten da Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo, en tanto que na análise das actuacións da Xunta, a fonte utilizada é a Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

Atendendo ós datos da Tesorería General, o número de traballadores en alta laboral en réxime especial de autónomos aumentou en Galicia nun 0,8% para situarse nos 166.567 traballadores no ano 2002 (**cadro 2.2.1. Traballadores en alta laboral 2001-02: distribución segundo réximes**). A Coruña acolle ó 40,2% do total dos autónomos,

mentres un 33,4% corresponde a Pontevedra e un 13,5% e un 12,9%, a Ourense e Lugo, respectivamente.

O número de empresas de economía social (sociedades cooperativas e laborais) a 31 de decembro do ano 2002 ascendeu en España a 42.191, das que 1.879 sociedades, un 4,5%, estaban situadas en Galicia. En conxunto, estas empresas acolleron a un total de 385.450 traballadores, estando a meirande parte dos mesmos (o 61,6% do total) ocupados nas comunidades autónomas de Cataluña, Andalucía, País Vasco e C. Valenciana. En Galicia, a poboación ocupada nestas sociedades de economía social foi de 14.064 traballadores, o que supuña o 1,3% da poboación ocupada galega, sendo esta porcentaxe inferior á española que é do 2,4% (**cadro C.2.14. Empresas e traballadores de economía social nas CC.AA. 2001-02**).

No ano 2002, constituíronse en Galicia un total de 418 sociedades laborais e cooperativas (o 5,5% do total constituído en España), sendo o número de traballadores de 2.407, que representan o 5,5% dos existentes no conxunto do Estado

CADRO 2.4.1.

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2001-02: número e traballadores

| | 2001 | | | | 2002 | | | |
|--------------------|----------------|------------|----------------|------------|----------------|------------|----------------|------------|
| | Sociedades | | Traballadores | | Sociedades | | Traballadores | |
| | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | |
| Andalucía | 5.330 | 21,9 | 51.616 | 18,6 | 5.543 | 21,9 | 54.045 | 19,0 |
| Aragón | 751 | 3,1 | 7.816 | 2,8 | 785 | 3,1 | 7.421 | 2,6 |
| Asturias | 297 | 1,2 | 3.573 | 1,3 | 298 | 1,2 | 3.490 | 1,2 |
| Baleares | 178 | 0,7 | 2.199 | 0,8 | 182 | 0,7 | 2.375 | 0,8 |
| Canarias | 446 | 1,8 | 7.377 | 2,7 | 459 | 1,8 | 7.364 | 2,6 |
| Cantabria | 89 | 0,4 | 1.050 | 0,4 | 90 | 0,4 | 1.071 | 0,4 |
| Castela - A Mancha | 1.467 | 6,0 | 13.227 | 4,8 | 1.494 | 5,9 | 13.039 | 4,6 |
| Castela e León | 1.399 | 5,7 | 11.988 | 4,3 | 1.471 | 5,8 | 12.753 | 4,5 |
| Cataluña | 5.903 | 24,2 | 42.024 | 15,2 | 6.149 | 24,3 | 42.139 | 14,8 |
| C. Valenciana | 2.855 | 11,7 | 42.242 | 15,2 | 2.941 | 11,6 | 42.569 | 15,0 |
| Extremadura | 832 | 3,4 | 7.767 | 2,8 | 816 | 3,2 | 7.590 | 2,7 |
| Galicia | 909 | 3,7 | 9.365 | 3,4 | 934 | 3,7 | 9.265 | 3,3 |
| A Coruña | 322 | 1,3 | 3.064 | 1,1 | 326 | 1,3 | 2.868 | 1,0 |
| Lugo | 153 | 0,6 | 1.073 | 0,4 | 158 | 0,6 | 1.061 | 0,4 |
| Ourense | 189 | 0,8 | 2.655 | 1,0 | 190 | 0,7 | 2.534 | 0,9 |
| Pontevedra | 245 | 1,0 | 2.573 | 0,9 | 260 | 1,0 | 2.802 | 1,0 |
| Madrid | 882 | 3,6 | 10.755 | 3,9 | 926 | 3,7 | 11.211 | 3,9 |
| Murcia | 1.142 | 4,7 | 10.955 | 3,9 | 1.335 | 5,3 | 12.820 | 4,5 |
| Navarra | 311 | 1,3 | 4.516 | 1,6 | 309 | 1,2 | 4.519 | 1,6 |
| País Vasco | 1.350 | 5,5 | 48.799 | 17,6 | 1.383 | 5,5 | 50.835 | 17,9 |
| Rioxa | 168 | 0,7 | 1.751 | 0,6 | 165 | 0,7 | 1.620 | 0,6 |
| Ceuta e Melilla | 42 | 0,2 | 365 | 0,1 | 56 | 0,2 | 549 | 0,2 |
| Total | 24.351 | 100 | 277.385 | 100 | 25.336 | 100 | 284.675 | 100 |

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.4.2.

Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2001-02: número e socios iniciais

| | 2001 | | | | 2002 | | | |
|--------------------|----------------|------------|-----------------|-------------|----------------|------------|-----------------|------------|
| | Sociedades | | Socios iniciais | | Sociedades | | Socios iniciais | |
| | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | |
| Andalucía | 681 | 27,1 | 5.048 | 25,6 | - | - | - | - |
| Aragón | 92 | 3,7 | 395 | 2,0 | 85 | 5,3 | 488 | 2,1 |
| Asturias | 26 | 1,0 | 105 | 0,5 | 21 | 1,3 | 76 | 0,3 |
| Baleares | 20 | 0,8 | 71 | 0,4 | 15 | 0,9 | 58 | 0,3 |
| Canarias | 30 | 1,2 | 174 | 0,9 | 43 | 2,7 | 278 | 1,2 |
| Cantabria | 4 | 0,2 | 26 | 0,1 | 8 | 0,5 | 37 | 0,2 |
| Castela - A Mancha | 118 | 4,7 | 782 | 4,0 | 93 | 5,8 | 506 | 2,2 |
| Castela e León | 153 | 6,1 | 889 | 4,5 | 137 | 8,6 | 587 | 2,6 |
| Cataluña | 419 | 16,7 | 1.522 | 7,7 | 260 | 16,4 | 2.550 | 11,2 |
| C. Valenciana | 236 | 9,4 | 3.296 | 16,7 | 224 | 14,1 | 11.914 | 52,4 |
| Extremadura | 51 | 2,0 | 588 | 3,0 | 38 | 2,4 | 773 | 3,4 |
| Galicia | 92 | 3,7 | 2.306 | 11,7 | 62 | 3,9 | 1.168 | 5,1 |
| A Coruña | 20 | 0,8 | 131 | 0,7 | 8 | 0,5 | 62 | 0,3 |
| Lugo | 17 | 0,7 | 233 | 1,2 | 15 | 0,9 | 97 | 0,4 |
| Ourense | 11 | 0,4 | 50 | 0,3 | 5 | 0,3 | 60 | 0,3 |
| Pontevedra | 36 | 1,4 | 1.787 | 9,1 | 25 | 1,6 | 879 | 3,9 |
| R.A. Galicia | 8 | 0,3 | 105 | 0,5 | 9 | 0,6 | 70 | 0,3 |
| Madrid | 159 | 6,3 | 2.314 | 11,7 | 242 | 15,2 | 1.483 | 6,5 |
| Murcia | 237 | 9,4 | 1.002 | 5,1 | 211 | 13,3 | 856 | 3,8 |
| Navarra | 25 | 1,0 | 196 | 1,0 | 23 | 1,4 | 660 | 2,9 |
| País Vasco | 99 | 3,9 | 531 | 2,7 | 63 | 4,0 | 372 | 1,6 |
| Rioxa | 12 | 0,5 | 80 | 0,4 | 17 | 1,1 | 608 | 2,7 |
| Ceuta e Melilla | 3 | 0,1 | 21 | 0,1 | 16 | 1,0 | 169 | 0,7 |
| Registro Central | 58 | 2,3 | 353 | 1,8 | 32 | 2,0 | 152 | 0,7 |
| Total | 2.515 | 100 | 19.699 | 100 | 1.590 | 100 | 22.735 | 100 |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

Sociedades cooperativas constituídas en Galicia 2001-02: distribución segundo clase

| | 2001 | | | | | | | | | | Total | |
|----------------------------|-----------|------------|-----------|------------|-----------|-----------|------------|--------------|--------------|------------|-----------|--------------|
| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | R.A. Galicia | | | |
| | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | Número | Socios |
| Traballo asociado | 14 | 77 | 9 | 50 | 9 | 41 | 26 | 123 | 3 | 33 | 61 | 324 |
| Consumidores e usuarios | - | - | - | - | - | - | 1 | 795 | - | - | 1 | 795 |
| Vivendas | 1 | 11 | - | - | - | - | 6 | 838 | - | - | 7 | 849 |
| Agrarias | 1 | 7 | 7 | 178 | 1 | 6 | 3 | 31 | 1 | 11 | 13 | 233 |
| Explotación común da terra | 3 | 11 | - | - | - | - | - | - | - | - | 3 | 11 |
| Servicios | 1 | 25 | - | - | 1 | 3 | - | - | 2 | 36 | 4 | 64 |
| Transportes | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 8 | 1 | 8 |
| Ensinanza | - | - | 1 | 5 | - | - | - | - | - | - | 1 | 5 |
| Outros | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 17 | 1 | 17 |
| Total | 20 | 131 | 17 | 233 | 11 | 50 | 36 | 1.787 | 8 | 105 | 92 | 2.306 |

| | 2002 | | | | | | | | | | Total | |
|-------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|------------|------------|--------------|-----------|-----------|--------------|
| | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | | R.A. Galicia | | | |
| | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | número | socios | Número | Socios |
| Traballo asociado | 3 | 9 | 7 | 22 | 4 | 51 | 15 | 60 | 3 | 15 | 32 | 157 |
| Consumidores e usuarios | - | - | - | - | - | - | - | - | 1 | 23 | 1 | 23 |
| Vivendas | 2 | 28 | - | - | - | - | 6 | 787 | - | - | 8 | 815 |
| Agrarias | 4 | 35 | 6 | 64 | 1 | 9 | 4 | 32 | 3 | 17 | 18 | 157 |
| Resto | - | - | 2 | 11 | - | - | - | - | 2 | 15 | 4 | 26 |
| Total | 9 | 72 | 15 | 97 | 5 | 60 | 25 | 879 | 9 | 70 | 63 | 1.178 |

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

(cadro C.2.13. *Empresas de economía social constituídas en Galicia e España 2001-02*).

Cooperativas

En Galicia, tal e como reflicte o **cadro 2.4.1.**, a 31 de decembro do ano 2002 había un total de 934 sociedades cooperativas, que acollían a 9.265 traballadores. Comparado co total estatal, Galicia acollía, ó igual que no ano anterior, o 3,7% das sociedades cooperativas, sendo o peso relativo dos traballadores neste tipo de empresas do 3,3%. Como amosa o devandito **cadro 2.4.1.**, prodúcese unha concentración das sociedades cooperativas en catro comunidades autónomas, Cataluña, Andalucía, C. Valenciana e País Vasco, que en conxunto acollen o 63,2% do total de cooperativas e o 66,6% dos traballadores.

En Galicia, atendendo á desagregación por provincias, A Coruña é a que presenta un maior número de cooperativas, ó acoller 326 sociedades cooperativas e empregar a un total de 2.868 traballadores, o que implica unha media de 8,8 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 9,9 traballadores por sociedade. As provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha media superior á galega con 13,3 e 10,8 traballa-

dores por sociedade cooperativa, respectivamente.

O número de sociedades cooperativas constituídas en Galicia no ano 2002 ascendeu a 62, cun total de 1.168 traballadores, o que representou o 3,9% do total de cooperativas constituídas en España e o 5,1% dos socios iniciais. En relación ó ano anterior, no último ano houbo trinta sociedades constituídas menos, e o seu número de traballadores, descendeu nun 49,3% (1.138 socios menos).

Esta importante caída ven explicada fundamentalmente pola evolución seguida na provincia de Pontevedra, que presenta unha caída no número de sociedades cooperativas constituídas e de socios iniciais, de 11 sociedades e 908 socios en relación ó ano anterior. En Lugo houbo dos sociedades cooperativas menos, descendendo o número de socios en 136 persoas.

Atendendo á clase de cooperativas inscritas e ó número de traballadores, o **cadro 2.4.3.** reflicte que é na clase “Traballo asociado” onde máis cooperativas hai inscritas, con 32, que representan o 50,8% do total de cooperativas inscritas en Galicia no ano 2002, sendo o seu número de

CADRO 2.4.4.

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2001-02: número e traballadores

| | 2001 | | | | 2002 | | | |
|--------------------|----------------|------------|----------------|------------|----------------|------------|----------------|------------|
| | Sociedades | | Traballadores | | Sociedades | | Traballadores | |
| | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | |
| Andalucía | 2.034 | 14,2 | 12.382 | 13,3 | 2.762 | 16,4 | 14.308 | 14,2 |
| Aragón | 645 | 4,5 | 3.287 | 3,5 | 740 | 4,4 | 3.556 | 3,5 |
| Asturias | 393 | 2,7 | 2.625 | 2,8 | 426 | 2,5 | 2.728 | 2,7 |
| Baleares | 160 | 1,1 | 878 | 0,9 | 184 | 1,1 | 982 | 1,0 |
| Canarias | 730 | 5,1 | 3.203 | 3,4 | 837 | 5,0 | 3.563 | 3,5 |
| Cantabria | 118 | 0,8 | 1.009 | 1,1 | 147 | 0,9 | 1.057 | 1,0 |
| Castela - A Mancha | 1.297 | 9,1 | 8.181 | 8,8 | 1.458 | 8,7 | 8.472 | 8,4 |
| Castela e León | 770 | 5,4 | 3.774 | 4,1 | 879 | 5,2 | 4.120 | 4,1 |
| Cataluña | 1.574 | 11,0 | 11.049 | 11,9 | 1.816 | 10,8 | 11.463 | 11,4 |
| C. Valenciana | 1.299 | 9,1 | 8.422 | 9,1 | 1.533 | 9,1 | 9.187 | 9,1 |
| Extremadura | 389 | 2,7 | 2.091 | 2,2 | 438 | 2,6 | 2.141 | 2,1 |
| Galicia | 727 | 5,1 | 4.080 | 4,4 | 945 | 5,6 | 4.799 | 4,8 |
| A Coruña | 287 | 2,0 | 1.453 | 1,6 | 324 | 1,9 | 1.593 | 1,6 |
| Lugo | 126 | 0,9 | 570 | 0,6 | 186 | 1,1 | 707 | 0,7 |
| Ourense | 106 | 0,7 | 412 | 0,4 | 133 | 0,8 | 483 | 0,5 |
| Pontevedra | 208 | 1,5 | 1.645 | 1,8 | 302 | 1,8 | 2.016 | 2,0 |
| Madrid | 1.944 | 13,6 | 10.226 | 11,0 | 2.201 | 13,1 | 11.381 | 11,3 |
| Murcia | 661 | 4,6 | 4.386 | 4,7 | 785 | 4,7 | 5.318 | 5,3 |
| Navarra | 444 | 3,1 | 4.167 | 4,5 | 494 | 2,9 | 4.311 | 4,3 |
| País Vasco | 1.049 | 7,3 | 12.759 | 13,7 | 1.121 | 6,7 | 12.930 | 12,8 |
| Rioxa | 67 | 0,5 | 366 | 0,4 | 73 | 0,4 | 376 | 0,4 |
| Ceuta e Melilla | 17 | 0,1 | 94 | 0,1 | 16 | 0,1 | 83 | 0,1 |
| Total | 14.318 | 100 | 92.979 | 100 | 16.855 | 100 | 100.775 | 100 |

Fonte: Dirección General de Fomento de la Economía Social y del Fondo Social Europeo

CADRO 2.4.5.

Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 2001-02: número e socios iniciais

| | 2001 | | | | 2002 | | | |
|--------------------|----------------|-------------|-----------------|-------------|----------------|-------------|-----------------|-------------|
| | Sociedades | | Socios iniciais | | Sociedades | | Socios iniciais | |
| | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | | CA / total (%) | |
| Andalucía | 1.099 | 20,15 | 3.942 | 20,33 | 1.537 | 25,56 | 5.406 | 25,49 |
| Aragón | 238 | 4,36 | 843 | 4,35 | 202 | 3,36 | 730 | 3,44 |
| Asturias | 126 | 2,31 | 440 | 2,27 | 134 | 2,23 | 469 | 2,21 |
| Baleares | 74 | 1,36 | 247 | 1,27 | 77 | 1,28 | 253 | 1,19 |
| Canarias | 321 | 5,89 | 1.090 | 5,62 | 297 | 4,94 | 1.009 | 4,76 |
| Cantabria | 45 | 0,83 | 162 | 0,84 | 38 | 0,63 | 130 | 0,61 |
| Castela - A Mancha | 427 | 7,83 | 1.505 | 7,76 | 423 | 7,03 | 1.483 | 6,99 |
| Castela e León | 285 | 5,23 | 1.008 | 5,20 | 294 | 4,89 | 1.022 | 4,82 |
| Cataluña | 762 | 13,97 | 2.595 | 13,39 | 684 | 11,38 | 2.388 | 11,26 |
| C. Valenciana | 415 | 7,61 | 1.435 | 7,40 | 534 | 8,88 | 1.867 | 8,80 |
| Extremadura | 137 | 2,51 | 509 | 2,63 | 121 | 2,01 | 438 | 2,07 |
| Galicia | 295 | 5,41 | 1.067 | 5,50 | 356 | 5,92 | 1.239 | 5,84 |
| A Coruña | 100 | 1,83 | 354 | 1,83 | - | - | - | - |
| Lugo | 43 | 0,79 | 142 | 0,73 | - | - | - | - |
| Ourense | 38 | 0,70 | 130 | 0,67 | - | - | - | - |
| Pontevedra | 114 | 2,09 | 441 | 2,27 | - | - | - | - |
| Madrid | 701 | 12,85 | 2.521 | 13,00 | 710 | 11,81 | 2.487 | 11,73 |
| Murcia | 224 | 4,11 | 813 | 4,19 | 253 | 4,21 | 880 | 4,15 |
| Navarra | 97 | 1,78 | 391 | 2,02 | 139 | 2,31 | 486 | 2,29 |
| País Vasco | 193 | 3,54 | 769 | 3,97 | 196 | 3,26 | 829 | 3,91 |
| Rioxa | 14 | 0,26 | 46 | 0,24 | 16 | 0,27 | 86 | 0,41 |
| Ceuta e Melilla | 1 | 0,02 | 4 | 0,02 | 2 | 0,03 | 7 | 0,03 |
| Total | 5.454 | 100 | 19.387 | 100 | 6.013 | 100 | 21.209 | 100 |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de Estadísticas Laborales y Asuntos Sociales 2002

CADRO 2.4.6.

Sociedades laborais rexistradas 2001-02: distribución sectorial

| | Galicia | | | | España | | | |
|--------------|------------|--------------|------------|--------------|--------------|---------------|--------------|---------------|
| | 2001 | | 2002 | | 2001 | | 2002 | |
| | sociedades | socios | sociedades | socios | sociedades | socios | sociedades | socios |
| Agrario | 6 | 18 | 10 | 32 | 84 | 314 | 85 | 289 |
| Non agrario | 289 | 1.049 | 346 | 1.207 | 5.370 | 19.073 | 5.928 | 20.920 |
| Industria | 44 | 209 | 43 | 165 | 838 | 3.199 | 918 | 3.565 |
| Construcción | 53 | 183 | 62 | 211 | 973 | 3.439 | 1.135 | 3.942 |
| Servicios | 192 | 657 | 241 | 831 | 3.559 | 12.435 | 3.875 | 13.413 |
| Total | 295 | 1.067 | 356 | 1.239 | 5.454 | 19.387 | 6.013 | 21.209 |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Anuario de Estadísticas Laborales y Asuntos Sociales 2002

| | 2001 Nº traballadores | 2002 Nº traballadores | 02/01 |
|---|--------------------------|--------------------------|-------|
| Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais | 2.324 | 2.643 | 13,7 |
| Axudas a cooperativas e Sociedades Laborais | 746 | 957 | 28,3 |
| Axudas para a adquisición de socio traballador | 622 | 686 | 10,3 |
| Abono de cotas á Seguridade Social | 956 | 1.000 | 4,6 |
| Apoio ó autoemprego autónomo | 4.699 | 3.730 | -20,6 |
| Integración laboral dos discapacitados | 1.394 | 1.352 | -3,0 |
| Creación ou ampliación de Centros Especiais de Emprego | 211 | 135 | -36,0 |
| Mantemento de Centros Especiais de Emprego | 1.126 | 1.155 | 2,6 |
| Emprego autónomo discapacitados | 57 | 62 | 8,8 |
| Iniciativas de emprego | 512 | 307 | -40,0 |
| Total | 8.929 | 8.032 | -10,0 |

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

socios de 157, o 13,3% do total dos socios galegos. As cooperativas de vivendas son as que acollen un maior número de socios, con 815 socios, o que representa o 69,2%.

Sociedades laborais

O número de sociedades laborais en España era, a 31 de decembro do ano 2002, de 16.855 empresas (SA e SL), un 17,7% superior ó existente no mesmo período do ano anterior. Estas sociedades concéntranse especialmente nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco, Castela A Mancha e C. Valenciana, que agrupan ó 64,6% do total estatal. A devandita concentración ten a súa correspondencia no emprego, xa que esas 6 comunidades acaparan o 67,2% dos postos de traballo (**cadro 2.4.4.**).

Galicia tiña, no mesmo período, 945 sociedades laborais en alta na Seguridade Social, un 5,6% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 4.799 traballadores e traballadoras, namentres que o número de ocupados no conxunto do Estado foi de 100.775 traballadores.

No ano 2002, rexistráronse en Galicia un total de 356 sociedades laborais, que agruparon a 1.239 socios. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,9% do total das sociedades laborais rexistradas e o 5,8% do traballadores destas sociedades.

Tal e como reflicte o **cadro 2.4.6.**, a meiran- de parte das sociedades laborais en Galicia con-

céntranse nos sectores non agrarios, 346 sociedades, e principalmente no sector servicios que acolle un 67,7% do total de sociedades laborais rexistradas en Galicia (241 sociedades). No sector agrario, o número de sociedades laborais rexistradas foi de 10, sendo o seu número de socios de 32.

Desenvolvemento da economía social e do autoemprego

O **cadro 2.4.7.** reflicte as diferentes actuación para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, que veñen a completa-las medidas de fomento do emprego e da estabilidade analizadas no capítulo anterior. Xunto as tradicionais medidas de promoción de emprego en cooperativas e sociedades laborais e o apoio ó emprego autónomo, hai que salienta-los centros especiais de emprego (para facilita-la incorporación dos traballadores con discapacidade ó mercado laboral) e os programas de iniciativas de emprego, que trata apoia-las iniciativas empresariais no ámbito local e rural e as iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

No ano 2002 beneficiáronse das axudas para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego un total de 8.032 traballadores, co que se racha a tendencia crecente do número de beneficiarios destas axudas (897 menos que no ano anterior). Do total de traballadores beneficiarios, 3.730 beneficiáronse das medidas de apoio ó emprego autónomo, 2.643 das fórmulas de autoemprego asociativo en empresas de economía social, 1.352 a través de actuacións específicas de

cara á integración laboral de discapacitados, e 307 traballadores beneficiáronse das iniciativas de emprego (iniciativas locais de emprego, iniciativas de emprego rural e iniciativas de emprego de base tecnolóxica).

Atendendo á distribución provincial do número de traballadores beneficiarios, Pontevedra acolle a 3.309 persoas (41,2%), seguida de A Coruña, con 2.553 (31,8%), Lugo, con 1.117 (14,7%) e Ourense, con 993 beneficiarios (12,3%).

Respecto ó sector económico ó que pertence a actividade que desenvolve, 4.672 realizan a súa actividade no sector servizos, 2.062 na industria, 817 na construción e 481 beneficiarios no sector primario. ■